



tribo

Revista do CPI "O Feal" de Narón

Ano 2006

Nº 3



CPI "O Feal" 1ºA

Portada: Aida Simón Muíño
Logotipo: Laura Molero Rodríguez

Índice

Editorial	2
Visita ao acuario	3
Ler co xogo das "pistiñas"	4
Os detectives verdes	5
O xogo das pistas	6
Sopa de letras con debuxos voadores	7
Graffiti	8
Heavy metal	9
¿Que fan os adolescentes do Alto?	10
Gústanos o reggaeton	11
¿Canto sabes de Colombia?	12
How much do you know about Colombia?	13
Poemas	14
Visita á "Fundación Caixa Galicia"	14
Un conto novo	15
Contos de estrelas	16
Fotos dos que acaban a Primaria	17
Fotos dos que se van... 4º ESO	18
Fotos dos que se van... 4º ESO e PGS	19
Entroido en Freixeiro	20
Obrantroidos no Feal	21
Repostería rápida	22
Testamento 2006	23
Noites na sombra	24
Recollida de lixo no CPI O Feal	26
O mito de Teseo e o fio de Ariadna	28
A mazá da discordia	28
Jasón, Medea e o vellocino de ouro	29
A caixa de Pandora	30
Profes que nos deixan. Entrevista con Joaquín	31
Actividades socioculturais	32
A "caixa do correo"	33
Agricultura ecolóxica, agricultura saudable	34
A lei de Hooke	35
Día das Letras Galegas: Manuel Lugris	36

EDITORIAL

“ Non ten dúbida ”

Cando nos xuntamos para ver de facer un novo número de Tribo, hai unha cousa que queda sempre clara: “ninguén dubida” que debemos esforzarnos para que non esmoreza.

Ás veces custa un pouco obter cada peza para xuntar estas páxinas: é como se tivésemos as laranxas e non fose doado espreme-las ben para facer un bo zume, fresco e cheo de forza vitamínica –que é o que “sen dúbida” está dentro de cada un dos rapaces e rapazas do Feal-.

Cando se van unindo as pezas vai chegando a satisfacción, o descanso de ver que a cousa vai adiante e... cando xa ten até a portada... ¡podemos alentar tranquilos! ¡Uff!

Aquí está, un ano máis: ¡a nosa revista! ¡o traballo da Tribo!

Só desexamos que atopedes nela algo que vos leve a conservar este número 3 durante moitos anos - talvez toda unha vida - .

Graciñas a todos aqueles que lograron que isto sexa así... con xente como eles “non ten dúbida”.



As nenas e os nenos de 1º e 2º foron ao acuario...


Os nenos de 1ª A, 1ª B, 2º foron o acuario de A Coruña fomos autocobús saímos ás nove da mañá do día 26 de




xaneiro. Híaburón unha lura xigante diseçada, focas comendo, polbos medusas e moitos animais máis. A todos gustáunos moito todo.

As focas comendo da man

Busca o nome de 5 animais que podes atopar no acuario Finisterrae



M	O	U	R	I	Z	O
E	L	G	A	F	B	I
D	U	F	O	O	F	X
U	R	C	F	B	O	I
S	A	A	D	J	X	S
A	J	O	L	E	F	C
E	S	P	O	N	X	A



SOLUCIÓNS: foca, medusa, lura, esponxa e ourizo

O xogo consiste en adiviñar o título con tres fichas e logo ordenar oíto para conseguir a secuencia correcta do conto

Animámanos a ler
co Xogo das "Fistiñas"




2º Primaria

OS DETECTIVES VERDES de 4º de Primaria



Chegou a primavera e os Detectives Verdes comezamos a traballar. Na última semana de marzo, sementamos, en bandexas do invernadoiro, as sementes das plantas que imos estudar. Son plantas aromáticas e medicinais.

Somos os Detectives Verdes porque estamos anotados nun programa da R.T.V.G. e o noso proxecto titúlase: “Aromas, sabores e remedios da Natureza”.



Neste proxecto traballamos o alumnado e profesorado de 4º de primaria, divididos en nove equipos. Cada equipo está formado por tres ou catro rapaces ou rapazas.

As plantas que sementamos son: a albahaca, o anís, a lavanda, a manzanilla ou macela, a melisa, a menta, o ourego, o romeu e a salvia.

Ao cabo de quince días, despois da semente, comezaron a nacer todas as plantiñas. A verdade é que unhas naceron mellor cás outras. Agora cando medren un pouco transplantarémolas a outro cacharro máis grande. Aproveitaremos tarros e botes reciclados.



Durante este tempo buscamos información sobre elas e cada equipo vai cubrindo unha ficha sobre a súa planta.

Todos estamos entusiasmados. Todos os días imos a velas, regalas, se o necesitan e observalas. Algúns rinse porque as súas son as que mellor naceron ou porque medran máis.

Estudamos cómo é cada planta, cómo se cultiva, cándo e cómo se recolle, a conservación e sobre todo a súa utilidade.

Tamén como debemos tomala ou aplicala. Ilustramos todo con debuxos.

A verdade é que esperamos aprender moitas cousas destas plantas que poden aliviarnos algunhas doenzas e melloramos a vida. Por último queremos facer un libro onde quede recollido todo o noso traballo. E será un libro máis da nosa biblioteca.




Os da Radio Galega xa se puxeron en contacto con nós para virnos gravar e que saíamos no seu programa dos sábados pola mañá.

O XOGO das PISTAS



O xogo das pistas consiste en ler libros e despois superar as pistas, que son unhas preguntas.

Tamén gañas un premio. Tes dez libros e por cada pista ben contestada gañas un punto.



Cando teñas dez puntos gañaches e consegues o primeiro premio. Tamén hai segundo e terceiro premio.

Podes participar individualmente ou por equipos.

Algúns len e non conseguen puntos, pero poden volver a ler o libro e corrixir as pistas. É un xogo divertido.

¡PARTICIPAAAA!

Ana e Roberto 4º Primaria

GRAFFITI

O graffiti naceu nas rúas de Filadelfia e de Nova York, cidade esta onde máis se desenvolveu (nos seus guetos, nos Barrios do Bronx e Brooklin) e estivo protagonizado por portorriqueños e afroamericanos. Nace alí, a finais dos 70, defínese plenamente a mediados dos 80 e chega a Europa nos 80, sobre todo grazas ao empuxe do movemento hip-hop que nace nos guetos neoiorkinos. Pero, ¿cando chega a España? Nunha forma autóctona, por exemplo no caso de Madrid con *Muelle*, coñecido graffiteiro madrileño, e os *flecheros* (colectivo de mozos graffiteiros dos 80) a partir do ano 82. No 84 chega a vertente máis colorista, a que agora se mantén. A partir do ano 86 é cando baixa o graffiti ao *suburbano*, cando empezan a facerse pezas rodantes nos vagóns do metro de Madrid e Barcelona.

EVOLUCIÓN DE ESTILOS

Dende as primeiras firmas (takeos) pasaron moitos anos e unha serie de estilos traídos pola seguinte xeración de escritores de graffiti, os graffitis evolucionaron de maneira considerable pasando por formas coma as *block letters*, as *buble letters* e chegando a estilos tan complexos como *wild style*. Dende a época inicial e a primeira crise, ata o rexurdir e a consolidación final, o graffiti pasa por varias etapas nas que inflúen tanto factores externos como os propios graffiteiros que xogan un gran papel na evolución do movemento en cada lugar e momento determinados.

Existen moitos estilos creados ao longo dos anos polos graffiteiros. Cada un fai o seu estilo e non hai normas nisto, só trazas as túas formas 125 (e ás veces amolas á xente coas túas obras).

ESTILOS DE LETRAS DE GRAFFITI



ESTILO SALVAKE



ESTILO POMPA OU BUBBLE



LETRAS BLOKE

GRAFFITI DO PAVILLÓN DAS LAZOAS (A'ON)



MANUEL A. GOLPE ESPADA 3º ESO

HEAVY METAL



HISTORIA

O Heavy Metal naceu nos anos 70. Descendente do rock, seguiu un longo camiño dende as súas orixes ata como é coñecido hoxe en día. Foron bandas como Led Zeppelin e Deep Purple as que marcaron unha diferenza sobre o que se estaba facendo na súa época, pero moitos sitúan a orixe



INSTRUMENTACIÓN

Os instrumentos usados xeralmente son: unha batería, ás veces cun dobre bombo; un baixo; unha guitarra rítmica; unha


A INFLUENCIA DA MÚSICA CLÁSICA



As influencias da música clásica non son poucas, referíndose a Johann Sebastián Bach ou Nicolo Paganini, máis que a Wolfgang Amadeus Mozart. A finais dos anos noventa, bandas como

Daniel Blanco Díaz 3º ESO

¿QUE FAN OS ADOLESCENTES DO ALTO?



A maior parte dos xoves naroneses queren acabar a Secundaria, mais se non lles gusta moito estudar fan Diversificación, Garantía Social, ou algún cursiño do que lles guste.

Outros, se poñen a traballar dende moi novos, porque non lles gusta estudar, necesitan diñeiro, por capricho ou porque así se saben máis “malosos” (os “chulit@s” da clase, l@s pasotas).

Tamén os hai que deixan a escola pola morte do pai, da nai ou doutro familiar próximo. Se lles debería dicir que o que fan hoxe pódelles prexudicar ou beneficiar no día de mañá.

As cousas que lles soen gustar ós adolescentes son:



Tamara Valencia, 3º ESO

GÚSTANOS O REGGAETON !!!

O reggaeton hoxe en día para moitas persoas está causando furor, sobre todo na poboación xuvenil, ou sexa, entre nós... Aínda que hai persoas ás que non lles gusta este tipo de música, vamos, non saben o que perden (con respecto a todas esas persoas eh!!)

Baséase nos principais ritmos latinos e no reggae. O seu fan famoso baile é o "perreo". Ademais o que á maioría lles gusta é iso, o baile ¿ou non?, ben os que saben bailalo saberán porque o digo...



Neste pasado verán o que máis se escoitaba nas discotecas, festas, na radio, no equipo de música dos coches...era o noso querido REGGAETON e cando pensamos nel, seguro que pensamos na canción máis de moda xa que o "dale don dale", o "baila morena", a "gasolina" ou o "papi chulo" están un pouco "pasadiñas". Ben, temos que pensar que á parte de Don Omar, Daddy Yankee...temos a: Baby Rasta, Tempo, Rakim & Ken-Y, Ivy Queen, Tego Calderón, Luny Tun, Yandel...e moitísimos máis; pero non sigo porque teríamos para moito tempo só o digo para ter un pouquiño máis de cultura xeral ha ha ha!!! Outro tema a tratar sobre esta marabillosa música sería o extenso vocabulario das súas cancións, quen de nós non escoitaría algunhas das seguintes palabras: cangri, yales, flow, garete e outras moitas expresións que todos coñecemos.

A letra de moitas das cancións é o que a máis dunha persoa lle pode impactar por dicilo dalgunha maneira pero...**POR FAVOR!!** ¿non estamos no século XXI? pois non pensemos mal porque moitas persoas pensan que o "perreo" é outra cousa e que bailar reggaeton é de...e non, non é así,o "perreo" non é nada do outro mundo e o reggaeton non é ningún pecado nin bailalo nin cantalo. A máis dunha persoa vin que pon mala cara cando cantas ou bailas reggaeton e ¿por que? Se para a maioría de nós, os rapaces, é o que nos gusta xa que é o que está de moda.



Veña, sexamos realistas e admitamos que o reggaeton dálle 1000 voltas ao aburrido de Fran Perea, por exemplo (co noso respecto).

Ben aos que nos gusta reggaeton sabemos o que arrasa e o que vai seguir arrasando así que a escoitar todos reggaeton que é música de verdade. Olé, olé e olé polos reis do reggaeton e do "perreo".

Daniela Andrea Calderón e Cecilia Bernal, 2º ESO

Canto Sabes de Colombia ?

Os centros educativos de Colombia, están formados por "Kinders", que equivalen á Educación Infantil en España. Logo se cursa de primeiro a décimo e despois pódese facer 1º de Bacharelato. Durante a Primaria, as materias case son as mesmas que na Primaria Española. Os horarios, pola contra, son moi diferentes: a entrada é ás seis da mañá e a saída é ás doce do mediodía. Hai centros que ofertan dous grupos, un de mañá e outro de tarde que comeza ás doce e remata ás seis. Nestes casos o alumno é libre de elixir o que queira, só ten que comunicarllo á Dirección da escola.



O tempo no que transcurren as diferentes estacións do ano son: a estación de primavera-verán, que vai dende setembro ata marzo, e outono-inverno que vai dende marzo ata setembro. Para que resulte máis doado comprendelo, o Nadal é alí en pleno verán.



A festividade dos Reis Magos non se celebra e a Semana Santa é na mesma data. Pero alí celébrase o día 7 de decembro, o "día do alumeado", que consiste en adornar e alumear as rúas e as casas. O día do pai e da nai tamén son datas diferentes.



Nas prendas de roupa e zapatos están bastante avanzados, pero en tecnoloxía non: os móbiles son de xeracións moi antigas. En informática e electrodomésticos precisan moita axuda de Europa.

Outra diferenza é o carné de conducir, que pode sacarse aos 16 anos, sen ter a maioría de idade. Aquí sería unha gran vantaxe. Coas motos é o mesmo.

A moeda alí é o "peso". Un euro son uns 2500 pesos.



Kelly Viviana Cendán 2º ESO

How much do you know about Colombia?

1.-What is the capital of Colombia? (Cal é a capital de Colombia?)

- Bogotá
- Quito
- Lugo

2.-Who of these famous people is Colombian? (Cal destes personaxes famosos é colombiano?)

- Paulina Rubio
- Os Tonechos
- Shakira

3.-What are the ingredients of the famous Colombian dish "bandeja paisa"? (Que ingredientes ten o famoso prato colombiano "bandeja paisa"?)

- Cola-Cao and biscuits (Cola-Cao e galletas)
- Rice, beans, avocado and meat (Arroz, fabas, aguacate e carne)
- Apple, pear, grape, guava, banana and lettuce (Mazá, pera, uva, goiaba, plátano e leituga)

4.-Which of these is a famous Colombian football team? (Cal destes é un famoso equipo de fútbol colombiano?)

- O Val
- Nacional
- Boca Juniors

5.-Where is Colombia? (Onde está Colombia?)

- In the north of Asia (No norte de Asia)
- In Oceania (En Oceanía)
- In South America (En Sudamérica)

6.-What does "bacano" mean in Colombian Spanish? (Que significa "bacano" no español de Colombia?)

- Cool! (Guai!)
- A penguin (Un pingüín)
- A cow's baby (Un puchito)

7.-Who is the most famous F1 pilot in Colombia? (Cal é o piloto de Fórmula 1 máis famoso de Colombia?)

- Fernando Alonso
- Juan Pablo Montoya
- Valentino Rossi

8.-Which of these are the most famous mountains in Colombia? (Cales destas son as montañas máis famosas de Colombia?)

- The Andes
- The Appenines
- Sierra Morena

9.-Which Colombian writer won the Literature Nobel Prize in 1982? (Que escritor colombiano gañou o Premio Nobel de Literatura en 1982?)

- Gabriel García Márquez
- Suso de Toro
- Mario Vargas Llosa

10.-Who is the president of Colombia? (Quen é o presidente de Colombia?)

- Nelson Mandela
- Emilio Pérez Touriño
- Álvaro Uribe Vélez

Solutions: 1. Bogotá 2. Shakira 3. Rice, beans, avocado and meat 4. Nacional 5. In South America 6. Cool! 7. Juan Pablo Montoya 8. The Appenines 9. Gabriel García Márquez 10. Álvaro Uribe Vélez

Poemas

A fame na nosa mesa,
pan para dezaseis irmáns,
loita fría de tristura,
nos fogares ladran os cans.

Escura noite atormentas,
no teu profundo lamento,
xente ocúltase nas sombras,
neste mundo tan violento.

Na casa terra traballar,
no corpo cansanzo e suor,
fabas e maízo sementar,
no resto unha pálida cor.

A familia non sabe escribir;
ler tampouco saben;
non puideron á escola ir,
non teñen cartos que a paguen.

Premio Certame intercentros 2005-06,
2º premio.
Verónica Pita Barcia. 3º ESO

Porque é sempre a mentira.
Porque alonxa a verdade.
Cruelmente.

Porque a morte conspira.
Porque a vida é vaidade.
Simplemente.

Como turba a tristeza.
Como prende a alegría.
Tan casual.

Como é violar a certeza.
Como do respecto carecías.
Esencial.

Premio Certame intercentros 2005-06,
1º premio.
Jeniffer González Fernández
Sandra Yáñez Torrente 3º ESO

VISITA Á FUNDACIÓN CAIXA GALICIA DA CORUÑA





O día 8 de maio, un grupo de 24 alumnos de 2º de ESO estivemos visitando a nova sede da Fundación Caixa Galicia de A Coruña.


O edificio, acristalado por fóra e cun ascensor de cristal exterior que dá algo de vértigo, xa mecere a pena de ser visitado, pero aínda máis se queremos apreciar a súa importante mostra de pintura.

Foi unha visita guiada na que nos iban explicando qué había detrás dos cadros máis especiais que están na exposición permanente, e, sobre todo, detivémonos na obra do pintor mexicano Diego Rivera.

Para rematar, fixemos un taller no que nos integramos na pinturas da Fundación Caixa Galicia. A ver qué vos parece !!








A estrela curiosa

Había unha vez no ceo unha estrela moi curiosa. Todas as tardes se preguntaba:

- ¿Como será o Universo?
- ¿Terá moitas estrelas?
- ¿Seguro que hai cometas?



Un día espertou e decidiu percorrer o Universo.

Atopou unha estrela que lle contou como era a Terra e outra que lle contou como era o Universo.

Así quedou satisfeita a súa curiosidade.

Edgar Gómez


As estrelas máis bonitas do ceo

A Estrela da Tarde é a primeira que sae. As outras son as estrelas da noite. A estrela Polar é a estrela que sinala o norte, pero as máis bonitas son as estrelas fugaces.

Eu cando vexo unha estrela fugaz, pídlle un desexo. Moitas veces desexo ser unha estrela máis do ceo. Outras veces parece que as estrelas queren falarche e non poden.

Meu pai séntase comigo a ver as estrelas e eu preguntolle cómo se chaman. Había unha que parecía que tiña un tute cun sombreiro.

Estefanía Barreiro



4º PRIMARIA



6º A

Acaban Primaria



6º B



4ºA ESO

Vanse ao rematar ...



4ºB ESO



4° ESO Div

... o curso 2005 - 2006



P.G.S.



O ENTROIDO EN FREIXEIRO



Polo entroido e con axuda das mestras, fixemos un disfraz de cometa.
Os nosos pais e nais cociñaron as larpeiradas e logo fixemos unha gran festa.
Cantamos unha canción que dicía:

"Con cartolinas e coloríns,
o pegamento, as fuxeiras e os punzóns
a profesora como axudante
¡ai que disfraz fixemos ao instante!

**ATA O
ANO
QUE
VÉN!**



OBRANTROIDOS no FEAL 2006



Capoeira, xadrez, repostería, ioga, técnicas de detectives, hip-hop, cestos, cerámica, Operación Triunfo, aeróbic, camisetas pintadas, papiroflexia...

O venres de Entroido, as aulas de Secundaria do Feal tamén se disfrazaron. Tanto os alumnos coma os profesores pasárono en grande, e de paso aprenderon cousas que non están nas programacións, aínda que moitas delas ben poderían. ¡E sen que fixera falta chamar a atención a ningún!

Moitas grazas a todos.

REPOSTERÍA RÁPIDA

Estas son as mellores receitas do obradoiro de repostería do venres de Entroido. Esperemos que estas receitas sinxelas e riquííííísimas vos animen a achegarvos á cociña.

Ánimo!!!



FREIXÓS

Ingredientes: 150 gramos de fariña, 3 ovos, medio litro de leite, un pouco de sal, a ralladura de medio limón e medio vaso pequeno de anís.

Bátense ben os ovos coa fariña e vense engadindo pouco a pouco os demais ingredientes. Cólase a masa e déixase media hora de repouso polo menos. Despois úntase a tixola con touciño e a cociñar... isto é o máis difícil pero só se aprende practicando. Podes botar un pouco de azucre nos freixós xa fóra da tixola.



BROWNIE

Ingredientes: 125 g chocolate, 125 g manteiga, 125 g azucre, 3 ovos, 3 culleradas de leite, medio sobre de lévedo (unha cullerada), 80 g de fariña e 50 g de noces.

Fúndese o chocolate con manteiga no micro, méxese ben e resérvase. Bátense os 3 ovos co azucre cun batedor de man. Engádense primeiro as 3 culleradas de leite con medio sobre de lévedo, e despois a fariña coas noces, sen parar de remover. Cando estea todo, méxese co chocolate e a manteiga (que non estea moi quente).

Ponse a masa nun molde engraxado con manteiga e fariña e métese no micro 7 minutos á máxima potencia (800w). Moi importante: deixalo repousar 5 minutos dentro do micro.



TIRAMISÚ

Ingredientes: 3 ovos, 250 g de mascarpone, 2 culleradas de azucre, cacao amargo en po, café e media caixa de biscoitos.

Méxense as xemas dos ovos co azucre e despois engádeselles o mascarpone; montamos as claras a punto de neve (cun batedor de man). A continuación, engadimos as claras ás xemas, amodiño, para que non se desmonte o punto de neve. Gardamos isto nun bol. Nun molde, imos colocando capas alternas de biscoitos mollados en café por un lado, e a mestura que temos reservada por outro. A última das capas será desta mestura.

Finalmente, coa axuda dun escoadoiro, botamos unha capa de cacao amargo. O tiramisú debe repousar no frigorífico un mínimo dunha hora antes de consumírmolo, para que colla consistencia.



TORTA DE CHOCOLATE CON GALLETAS

Ingredientes: 400 g aproximadamente de galletas María cadradas, un vaso de leite, un paquete de chocolate á cunca e Colacao ou Nesquik para espolvorear.

Ponse nunha xerra o leite co chocolate nunha proporción maior á que diga a receita, e métese no microondas á potencia máxima, cada dous minutos sácase e móvese cun batedor. Cando estea a punto de ferver, hai que baixar a potencia do microondas sen quitarlle a vista de encima para que non se saia.

Posteriormente, mólanse as galletas no leite co Colacao e vense poñendo nunha fonte con fondo de cristal ata facer unha base. Seguidamente, bótase unha fina capa do cacao á cunca e vólvese a poñer unha base de galletas e outra de chocolate.





TESTAMENTO 2006



¿Que tal estades, rapaces?
¿Que pasa "neng"? ¿como vai?
Aquí veño eu outro ano;
xa é hora de me queimar.

Véxovos moi palidiños.
¿Viñéronvos vacinar?
¿ou é que estades pillando
a famosa gripe aviar?

Andade con coidadiño,
non se vos vaia pegar
dos galos e das galiñas
que hai no patio do Feal.

Tamén tedes que ter tino
cos teitos que están fatal
pois vexo que por agora
aínda están por amañar.

Tamén quero pedir algo
aos que están a gobernar,
que cambien algunhas cousas
para poder mellorar:

O primeiro que quixera
é que empecen a pensar,
ique deixen aos fumadores
e as vodas homosexuais!

Hai cousas máis importantes
que nos deben preocupar:
a igualdade das mulleres,
ique Leonor poida reinar!

¡Que chegue o AVE a Galicia!
¡Que decidan rematar
os accesos da autoestrada!
¡Narón ten que progresar!

Outro tema preocupante
no que ando a matinar
é a cuestión dos inmigrantes,
ique se teñen que integrar!

E agora, agardade un chisco,
antes de me chamuscar,
escoitade o que vos deixo
a todos os do Feal:

Comezo por Infantil,
os máis pequechos que hai,
déixolles gorros, bufandas,...
dos Lunnis e de Shin Chan.

E pensando na Primaria
e no mal tempo que vai,
impermeables, paraugas,
e botas para brincar.

Aos de 1º da ESO,
riñoneiras vou deixar,
e que aforren este ano,
que o vindeiro han viaxar.

Aos de 2º e de 4º,
que a Andalucía se van,
deixo cómodos zapatos,
pois todo o día andarán.

¡Ai! Quedan os de 3º,
para eles ¿que haberá?
Pois hai pulseiras e "piercings"
que parece que lles van.

E todos os profesores
lentes de sol herdarán,
con eles farán as gardas
e poderán espíar.

Mais con algún, un detalle
quero ter, máis especial,
pois merecen que me pare
xa que son "orixinais".

Para as que teñan bebés,
tirantes quero legar.
Así aproveitan a roupa
que frouxa lles vai quedar.

A Charo deixo un reloxo
que sempre se atrasará,
para ver se chega tarde
e vos deixa descansar.

Un MP3 moi chulo,
que acababa de mercar,
voulo legar a Paloma
que ten ganas de cantar.

Aos do equipo directivo
-i non se me vaia pasar!-
deixo unhas luvas de seda,
pra que vos saiban tratar.

Aos indecisos da APA,
que vos queren marear,
como brúxula non teño,
deixareilles un colar.

Se non vos gusta o que herdades
non vos debedes queixar,
pois quedavos o que teño
imáis non vos podo deixar!

E agora que xa me vou
quixerame reencarnar,
e volver de novo ao mundo
transformado en "gavilán".



NOITES NA SOMBRA

É de noite. Estou sentado no sofá lendo un artigo do National Geographic, deses que che falan dos misterios da humanidade. Todo está en calma, como é propio dunha apacible noite de verán en xullo. Sen embargo, hai algo que me incomoda, que me fai cavilar no irreal e que xa me ven dando pesadelos dende algunhas noites atrás. É algo estraño, como se os meus sonos se xuntasen nun que agrupa tódalas malas cousas da miña vida e que me provoca visións durante a noite que non teñen nada que ver con estes: homes guillotinado pedindo clemencia ao pé dunha cruz, rituais satánicos que me inducen a unha especie de trance, monxas que rezan en linguas descoñecidas mentres dan voltas sobre si mesmas...

Estou empezando a ter medo, e necesito documentarme sobre o tema, xa que ningún especialista da crédito ao que lle conto. Para iso, bóttolle unha ollada a esta revista a ver se podo atopar algo realmente interesante.

- Nada, estas cousas ou non teñen explicación científica ou non interesa dala.

Será mellor que o deixe e que busque por Internet - pensei.




Acendo o ordenador, pero Internet non funciona e aparéceme unha mensaxe que pon:



- Bo, isto da informática sempre ten problemas, vou apagar.

Nese intre, a pantalla apágase e vólvese acender pero esta vez con dúas mensaxes, como se alguén quixese que as lese:



Non entendo o que quere dicir, pero fixándome un pouco decátome de que hai escritas dúas palabras: morte e mañá.

-¿A que se refire? Quizais mañá chegarame a miña hora pero... e se todo isto ten que ver cos pesadelos e as visións... Non pode ser, non...

Estou morto de medo. Non sei como pasarei esta noite pero non creo que poida durmir moito. Esa mensaxe do ordenador non tiña sentido, seguro que sería unha coincidencia, pero por outra parte fíxome cavilar, dado que encontraba unha estraña relación entre a mensaxe e os meus pesadelos. Será mellor que descanse a ver se pasa todo.

.....



Son as tres e media da madrugada e acábome de espertar co corpo empapado en suor e cunha dor de cabeza enorme. Avanzo ata a cociña para tomar un vaso de auga, pero de súpeto...

-Ahhhhgggghhhh, non podes ...ti ... o corazón non... gutaoeteic ... fpawodic fiascuwepofasc jekskdfubvhur ... sa ... ttt ... á ... Nnnnn...

Entrei en trance, pero recupereime enseguida. Ao meu carón había un home que parecía estar contento.

- Ben, xa está feito...

- ¿Quen es, e que queres de min? ¿Que é o que está feito? Dixen. A dor de cabeza ía a máis e sentíame moi canso -.

- Non tes necesidade de saber iso. Ti estás aquí para responder a preguntas, non para facelas, así que contesta: ¿Como te chamas?

-Ei, un momento, necesito sab ... agggggghhhhhh ... o home pasoume un ferro ardendo polas costas. Víaselle a marca do demo debuxada no antebrazo.

- ¡¡Dixen como te chamas!!

- ¡¡¡Non cho vou a dicir!!!

- ¿¡Sabes o que é isto!? ¡¡É a Marca do Demo!!

Quedei fascinado ante a precisión coa que o debuxo fora gravado na pel, e levado pola curiosidade, toqueina.

- Aghhhhhghgh ... ¿qué fas? ... non ves que ...

O home comezou a xirar a cabeza duna forma un tanto estraña e falou nunha lingua descoñecida para min. Eu tremendo de medo corrín ata unha esquina daquel... ¡¡un momento!! ¿onde estou?. Era un antro iluminado só por tres velas que se dispoñían en forma triangular e eu estaba a carón duna máquina de tortura. Fun ata a luz e esperei a ver que pasaba.



O home veu cara min e eu levado polo desconcerto, collín unha vela e estampeilla no antebrazo, onde tiña a marca. Esta empezou a poñerse de cor vermella...

- ... BOOOOOOOOM!!!!

O home estalou en mil anacos e as velas apagáronse. De súpeto, sentín unha corrente de aire enorme e aparecín deitado na miña cama, coas ventás da habitación abertas. Eran as tres e media da mañá.



Non volví a ter pesadelos nin visións e por fin Internet volveu funcionar. Xa atopei a información, aínda que agora non a necesitaba, e descubrín que os demos manifestáranse nos meus soños mediante un ritual satánico no que eu fora mencionado. Preguntei polas arredores para averiguar quen fora o que me nomeara nese ritual, pero non o atopei. Semanas máis tarde volví a ter un pesadelo, pero neste vía como eu mesmo facía o ritual e me nomeaba invocando aos demos para que me fixeran dano. A pesar disto, os pesadelos cesaron e puiden facer vida normal, pero non obstante, tódolos anos, polo mes de xullo, unha abrumadora sombra crece nos meus soños e recórdame que aquilo non foi algo irreal e que podería volver a pasar en calquera momento.

Alejandro José Piñón Méndez, 4º ESO

RECOLLIDA DE LIXO NO CPI O FEAL

Os alumnos de 4ºB, 3ºC e 3ºD da clase de ciencias medioambientais recolleron o lixo do centro para facer un estudio. O proceso consistiu nos seguintes pasos :

1. Recollida de lixo.

Recolleuse nas seguintes datas:

- 14/12/05, 3ºD estivo recollendo na parte dianteira do centro.
- 15/12/05, 4ºB rematou de recoller o lixo que quedaba na parte dianteira.
- 11/01/06, 4ºB recolle da traseira do centro.
- 13/01/06, 3ºD acaba de recoller a parte. Reconto




2. Reconto do lixo.

Foi a parte menos agradable. Separamos o lixo a man, no laboratorio, e pesamos con balanzas. Houbo un total de 3649 unidades de lixo, que deron un total de 14097,75 g.

3. Procesamento de datos.

Calculamos a porcentaxe de cada tipo de lixo.

¡Os resultados son abraiantes! Mirade as táboas



TIPO DE LIXO	UNIDADES	PESO (g)	% EN PESO
PAPEL	497	3350,8	23,7
CHICLES	55	47,71	0,33
TRAPOS	5	95	0,67
TETRABRICKS	160	1482	10,5
LATA BEBIDAS	11	312,5	2,2
LATAS	20	300	2,1
COLILLAS	145	70,46	0,49
CHAPAS	13	110	0,7
PAUS CHUPAS	188	163,12	1,1
BOTES BEBIDAS	2	10	0,07

TIPO DE LIXO	UNIDADES	PESO (g)	% EN PESO
BOTELLAS PLÁSTICO	99	1035	7,34
TAPÓNS PLÁSTICO	11	105	0,74
BOLSAS PLÁSTICO	1439	3168	22,4
BOLSAS ALUMINIO	800	2367	16,7
VIDRO	68	786,5	4,2
ORGÁNICO	33	596,6	4,23
PALLIÑAS	51	8,06	0,05
PAPEL ALBAL	45	90	0,6
TOTAL		14097,75	

Reflexión:

Cremos que as cifras son excesivas. Os alumnos de 3º de diversificación fixeron papeleiras para poñer nos lugares que nós vimos máis indicados

(mirade a foto na que aparecen no taller de tecnoloxía), pero nós cremos que a xente vai seguir tirando lixo ó chan por moitas papeleiras que haxa.

E se non coidamos nós de noso patio, ¿quen o fará?



Traballo de campo de alumn@s de 4º ESO
coa colaboración de 3º de diversificación

MITOS



O MITO DE TESEO E O FÍO DE ARIADNA



Teseo, fillo de Egeo, rei de Atenas, e de Etra, filla de Piteo, rei de Corintio é o protagonista de esta historia. En Atenas reinaba Egeo, quen xa casara dúas veces e non tivera fillos. Os sobriños de Egeo querían o trono de Atenas e crían que Egeo non tería descendentes, pero Egeo tivo relacións con Etra, a filla do rei corintio, e desa unión naceu Teseo.

Egeo decidiu ocultar a existencia do seu fillo para que os seus sobriños non o asinasen e lle usurpasen o trono de Atenas. Así que Teseo foi educado pola súa nai e polo seu avó Piteo ata que cumpríu 16 anos. Daquela, súa nai contoulle o secreto da súa orixe: era o herdeiro do trono de Atenas e debía ir en busca de Egeo pero sen revelar a súa identidade; abondaba con que levase consigo uns atributos que seu pai deixara para el: unhas sandalias e unha espada cunha serpe dourada gravada na folla. Teseo púxose en camiño: unha longa viaxe na que pelexou contra diferentes seres, logrando cadansúa vitoria e unha fama que o precedeu antes de chegar a Atenas, onde foi recoñecido por seu pai grazas á espada que portaba.



Saberedes que varios anos antes, os sobriños de Egeo asasinaron a Androgeo, fillo de Minos, rei de Creta, un heroe ao que acusaron de conspiración para facerse co trono de Atenas. Como castigo por este asasinato, os deuses do Olimpo ordenaron a Atenas que cada nove anos entregara a Creta sete rapaces e sete rapazas para que serviran de alimento ó Minotauro, un terrible monstro con cara de touro e corpo de home que nacera de Pásifae, esposa de Minos, e dun touro que Poseidón lle regalara a Minos. O terrible Minotauro estaba encerrado nun labirinto construído por Dédalo.

Teseo quería liberar a Atenas do seu tributo co rei cretense matando ó Minotauro, así que decidiu ser un dos catorce rapaces enviados a Creta. Nun barco de velas negras dirixíronse á illa. Teseo chegou a Creta e foi levado ó labirinto xunto cos outros rapaces. Ariadna, a filla de Minos, namorouse de Teseo e por axudalo deulle un nobelo de fío para que atase un extremo na entrada do labirinto e puidera atopar a saída. Ariadna fíxolle prometer a Teseo que a levaría a Atenas e casarían.



Finalmente Teseo logrou matar ó Minotauro e salvou ós seus compañeiros. Despois escaparon con Ariadna, á que deixaron na illa de Naxos co deus Dioniso. Ó seu regreso a Grecia esquecéronse de poñer as velas brancas como símbolo de que se salvaran e Egeo tirouse ó mar pensando que o seu fillo morrera. Dende ese día Teseo foi nomeado rei.

Este mito intenta transmitir que se vas polo bo camiño (o fío) da vida (o labirinto) chegarás a lograr as túas metas e propósitos (saída do labirinto).

XOANA BECEIRO, ISABEL FERNÁNDEZ, LUCÍA GONZÁLEZ. 4º ESO



A MAZÁ DA DISCORDIA

Zeus e Hera querén celebrar unha festa con tódolos deuses, pero a última celebración acabou nunha batalla por culpa da deusa Discordia, filla de ámbolos dous. Para evitar que Discordia volva a arruinar a festa, Hera propón que Iris, mensaxeira encargada de repartir as invitacións, que non lle diga nada á deusa sobre a festa.

Iris vai entregar as súas invitacións ós deuses, pero ao pasar fronte a morada de Discordia, esta agarrouna polo brazo e lle preguntou qué estaba a repartir, e por qué a ela non lle entregara nada. Iris tratou de evadila, pero Discordia apertouna forte e lanzoulle chispas sobre as súas ás. Cando por fin soubo o que pasaba pareceu conforme; non iría á festa... pero mandaría un agasallo. Xa comezada a celebración, Ganimedes aproximouse á mesa cun paquete: era un agasallo de Discordia, como desculpa polo seu comportamento pasado.

O agasallo era unha mazá de ouro puro, cunha inscrición: "Para a máis fermosa das deusas". Tanto Atenea como Hera como Afrodita déronse por aludidas, e a disputa fixo que a festa rematase como a anterior.

Despois de semanas de disputas, as deusas decidiron levar a mazá a Paris, fillo de Príamo, rei de Troia, para que xulgara a beleza das tres.



As tres trataron de chantaxealo: Hera ofrecíalle o poder político do mundo, Atenea ofrecíalle a intelixencia máis brillante e Afrodita á muller máis fermosa.

Paris non dubidou en darlle a mazá a Afrodita. A muller que esta lle indicara era Helena, esposa do rei grego Menelaos.

Paris quedou prendado de Helena, e ela, en parte pola maxia de Afrodita, rendeuse ante Paris. Paris secuestrou a Helena e levouna a Troia. O seu rapto, e o feito de que Paris levara con el os tesouros do reino de Menelaos, provocou a guerra contra Troia, que durou dez anos.

A frase "ser a mazá da discordia" é unha expresión moi común hoxe en día, e adxudícase a certa persoa que crea discusións e polémicas ó seu redor, lembrando o feito de que no mito, a mazá foi o desencadeante da disputa entre as deusas.

ROEÍO PÉREZ, GEMA GOLPE 4º ESO

JASÓN, MEDEA E O VELLOCIÑO DE OURO

Jasón foi expulsado polo seu tío Pelias do trono de Tesalia, que lle pertencía lexitimamente. A súa historia é a de un heroe que debe afrontar unha proba considerada imposible: recuperar a pel dun carneiro sagrado que se encontraba na cólquide.

Por iso Jasón, emprendeu unha longa viaxe na compañía de numerosos heroes chamados argonautas que navegaban sobre a nave Argo. Neste periplo frontáronse con xigantes de seis brazos, mulleres Lesbos, co rei Polux, contra as harpías de Tracia...

Unha vez na cólquide Jasón entrevistase co rei Eetes. Eetes non estaba disposto a deixalo marchar co seu tesouro e díxolle que antes tiña que superar unhas probas. Pero Jasón ten poderosos aliados no Olimpo: Eros dispara unha frecha e Medea, filla de Eetes e feiticeira consumada, namórase de Jasón e axúdalle cos seus feitizos a superar as probas a pesar de traizoar ó seu pai. Cando Jasón sae vencedor, Eetes négase a darlle o tesouro prometido: o vellocino de ouro e intenta matalos. Os gregos foxen con Medea.



Medea axuda a Jasón a durmir ó dragón que garda o vello cino e así o rouban. Eetes persígueos e Medea non ten pudor de matar ó seu propio irmán e esnaquízalo. Logo arrebola os anacos pola borda e Eetes retrasase para recollelos. De todo é capaz Medea polo amor que sente por Jasón. Finalmente, casan.

O mito reflexa como unha persoa é capaz de superar os obstáculos que nos ofrece a vida con tal de lograr o que quere. Tamén podemos observar que o amor verdadeiro a día de hoxe ten os seus límites, non podemos a xustiza pola nosa man soamente por estar namorada como no caso do mito grego: Medea chega a matar ó seu irmán polo amor de Jasón.

VERÓNICA PIÑÓN VERÓNICA PUENTE 4º ESO



A CAIXA DE PANDORA

Prometeo e o seu irmán Epimeteo foron os encargados de crear o home, pero cando chegou o momento de atribuírle os dons necesarios para a súa preservación, a Epimeteo, que fora moi pródigo cos seus recursos para os animais que creara anteriormente, xa non lle quedaban dons. Para corrixir esta situación, regaloulles ós homes o lume que os fixo moito máis fortes que a resto dos animais.

A muller aínda non se creara. Conta a lenda que Zeus fixo á muller e envioulla a Prometeo e ó seu irmán para castigalos por roubar o lume e tamén para castigar ós

Con esta intención foi creada Pandora, no ceo, e todos os deuses contribuíron para confeccionala. Así foi levada á Terra e presentada a Epimeteo que a aceptou feliz.

Epimeteo tiña unha caixa con obxectos que non chegara a repartir pola Terra. Pandora, morta de curiosidade, abriu a caixa aínda que lle estaba prohibido e escaparon multitude de pragas para atormentar aos homes. Pandora apresurouse a cerrar a caixa pero xa era tarde, todo o contido da caixa escapara exceptuando unha soa cousa que xacía no fondo: a esperanza.



Isto vén a dicirnos que, aínda que os males nos ameacen, a esperanza nunca nos abandona, e mentres que teñamos esperanza ningún mal pode derrotarnos completamente.

Ademais ensínanos como a muller xa aparecía como unha maldición e a perdición para o home. Así, hoxe en día, se segue culpando á muller de todos os males e nalgúns países prívasele de moitos dos seus dereitos. Tamén é inevitable a comparación de Pandora con Eva. Pandora, como Eva, desobedeceu e foi castigada xunto con todos os homes. E así, os homes foron condenados a un destino que non merecían.

SORAYA PITA VERÓNICA FERNÁNDEZ 4º ESO

Este ano deixan o centro dous profesores, Manuel Armada e Joaquín Parga.



Seguro que vos sorprende ver cómo eran moitísimo antes de vir a este centro como profesores.



Con Joaquín, falaron os seus alumnos e alumnas de 1º de ESO:

Joaquín é alto, ten o pelo branco, é delgado, leva gafas, vese áxil, os seus ollos teñen unha cor verdosa, soe vestir pantalóns de pinzas e camisas. É simpático, ten unha forma peculiar de camiñar, é vacilón, preguntón e tócase moito o nariz.

Sempre manda estudar os verbos, gústanlle os cabalos e as súas frases preferidas son: “Al encerado”, “¿Acabaste o acabas de empezar?”, “¿Cojo el bolígrafo rojo?”. Pasámolo moi ben con el na clase. Sempre pregunta o presente do subxuntivo. El é Joaquín, o noso profesor de lingua castelá e literatura. E din por aí que este ano deixará o centro porque se xubila.

Para nós é toda unha institución.

— ¿Cantos anos levas traballando neste centro?

— Trinta e dous.

— ¿É verdade que te vas?

— Si. Este ano cando acabe este curso deixarei a docencia.

— ¿Gústache o teu traballo?

— Si.

— ¿Se non foses profesor que che gustaría ser?

— Mariño.

— ¿Paréceche que os nenos e nenas deste centro foron bos?

— Bastante bos.

— Cóntanos unha anécdota...

— A dun rapaz que aprobara lingua castelá pero ocorreu que o día da entrega de notas non veu ao colexio. Entón, ao día seguinte, chamou a súa nai por teléfono toda enfadada preguntando por qué o seu fillo suspendera a lingua castelá. Eu lle preguntei se tiña o boletín, díxome que si, entón acontecera que falsificara as notas porque realmente só tiña a lingua castelá aprobada.

— ¿Deches a máis cursos?

— Si. A sexto de primaria e cando falabamos da EXB a sexto, sétimo e octavo.

Pois, ata logo, Joaquín, isorte!

ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS

Na nosa localidade de Narón, podemos desenvolver diferentes actividades socioculturais dende a punta norte á punta sur, do leste ó oeste. Unhas teñen que ver co deporte, outras co baile galego, bailes de salón, informática, teatro, e demais pero o que eu prefiro é a música.


Neste concello non hai moitos sitios onde poidas aprender música, soamente no auditorio de Narón. Alí é onde eu empecei, cando era moi pequena. Os cursos son para nenos e nenas, aínda que fai dous anos, empezáronse a dar clases para adultos.

O que nós facemos non é escoitar, nin cantar senón que aprendemos solfexo (de 1º a 6º nivel), as diferentes notas e claves a tocar do instrumento que escollamos (frauta, trompeta, trompa, clarinete, bombardino, tuba, violonchelo, saxofón, fagot, trombón e percusión. Cando teñamos bastante nivel desenvolto poderemos tocar na Banda Infantil e tamén na Xove Banda de Narón.



A Banda Infantil é o primeiro escalón musical polo que deben pasar os alumnos da Escola. Ensáíase todos os sábados de 9 a 10.30 da mañá e interprétanse programas especialmente deseñados para espertar o interese dos rapaces pola música. No mes de xuño sempre hai un festival no que se demostra o aprendido ao longo do curso.

A Xove Banda de Narón é o paso seguinte para os que queren seguir a súa formación musical integrados nunha banda. Leva a cabo dous concertos de especial relevancia: o concerto das



Letras Galegas, no que se interpreta só música galega e pode levar acompañamento de banda de gaitas, de zanfona... e máis o concerto de Fin de Ano, que sempre ten moito público pola calidade das pezas a interpretar. Os ensaios da Xove Banda son todos os sábados de 10.30 a 13.30 horas.

Ariana Pena Fernández 3º ESO

A "CAIXA DO CORREO"

Noticias recollidas para á elaboración do informativo "NOTICIARIO O FEAL", programa audiovisual nas aulas que levou a cabo o alumnado de 4º ESO en Educación Plástica e Visual.



Bos días, son as dez e media da mañá, tempo do xornal no CPI O FEAL.

Comezamos lembrando a derradeira prohibición da dirección do centro sobre o uso dos teléfonos móbiles no colexio. A dirección tomou a decisión de non deixar utilizar ningún tipo de aparello tecnolóxico como móbiles, mp3..., en horario lectivo.

¡ Quen non a respecte terá unha sanción !

A lei contra o tabaco chegou ás portas do C.P.I. do Feal. Profesores e alumnos enfróntanse esta vez polos cigarros. A porta de entrada á Primaria é escenario desta polémica con fumes, dende este pasado inverno cando as choivas obrigaban ós fumadores a resgardárense. Os profesores de Primaria protestaron ante a dirección porque os alumnos da ESO. fumaban diante dos pequenos. Agora, coa nova lei antitabaco, a prohibición do consumo de tabaco en todo o centro é un feito.

Os cursos de 2º e 4º da E.S.O. do Feal programan unha excursión para finais de xuño, o destino elixido e Andalucía, unha viaxe que os alumnos de 2º xa tiñan organizada. Nun principio a data da excursión causou polémica entre o profesorado, xa que coincidía con exames de maio. Posteriormente se cambiou a data á derradeira semana de xuño.

Algúns alumnos saltan o valado no recreo para mercar bocadillos. Critican que os do centro son pequenos. É a última polémica.

Para apagar a fame no recreo os alumnos de Secundaria baixan apresurados para pelexarse polos poucos bocadillos que collen os do centro ó forno. Non todos os alumnos poden aguantar isto, entón recorren a saltar o valado expoñéndose ás sancións do centro.



Segundo as versións dun grupo de alumnos do centro O Feal as causas da excesiva acumulación de exames débese á desorganización entre os profesores e á falta dun calendario establecido pola Consellería de Educación. Este grupo de alumnos sostén que a media das notas subiría se os exames estiveran máis repartidos no calendario.



AGRICULTURA ECOLÓXICA

AGRICULTURA SAUDABLE



Nos últimos anos o sector da agricultura ecolóxica experimentou un gran desenvolvemento a nivel europeo. Mentres que no 2000 só representaba un 3% do total da superficie agraria, actualmente é un dos sectores máis dinámicos da Unión Europea. Dende 1998 experimenta un crecemento do 30% anual.

A agricultura ecolóxica é un sistema de produción e elaboración de produtos agrarios cuxo obxectivo é a obtención de alimentos da máxima calidade nutritiva, respectando o medio ambiente e sen utilizar produtos nin organismos modificados xeneticamente. Algunhas das vantaxes do consumo de produtos ecolóxicos son que estes alimentos son óptimos para a saúde, fomentan a biodiversidade, reducen a contaminación ambiental e melloran a calidade dos solos. Ademais están libres de manipulación xenética. Por outra parte, contribúen á permanencia da poboación

nas zonas rurais xa que fomentan a autonomía do agricultor e crean postos de traballo. Podemos engadir ademais que estes produtos son fiables xa que están sometidos a estritos controis de calidade. Neste tipo de agricultura destacan os policultivos o cal ten moitas vantaxes, por exemplo o maior aproveitamento da terra, o espazo o auga e a diminución dos problemas fitosanitarios. Ademais permite que a produción aumente. Os abonos utilizados son sempre de orixe natural como o esterco, palla e humus de miñoca entre outros.

Entrevistamos a un consumidor habitual de produtos ecolóxicos para ter unha opinión de primeira man:

① **¿Por que motivo decidiu ser consumidor de produtos ecolóxicos?**
Porque son os produtos máis parecidos aos que comía de neno na miña casa

② **¿Que cualidades poderías destacar dos produtos ecolóxicos?**
En primeiro lugar a calidade e garantía sanitaria da súa elaboración.

③ **En canto a diferenza de prezo, ¿é moi notable?**
Si, en prexuízo dos produtos ecolóxicos, xa que o custe de produción é maior. Nalgúns produtos como os ovos, por exemplo, o prezo multiplícase un 50%

④ **¿É á hora de desgustalos?**
Sen lugar a dúbida os produtos ecolóxicos sempre son máis saborosos. Tanto na intensificación dos sabores e dos olores respecto dos produtos industriais e poderíanse recoñecer facilmente.

⑤ **¿En que establecementos se encontran máis facilmente?**
Normalmente en establecementos dedicados as delicatesses, froiterías de alto standing, carnicerías especializadas e en menor medida ou maior prezo nos grandes almacéns.

⑥ **¿Que beneficios e inconvenientes, se é que os ten, trae ser consumidor de produtos ecolóxicos?**
Beneficios: en primeiro lugar, que son moito máis saudables (non se utiliza na súa produción ningún tipo de mecanismo agresivo tanto para o ser humano coma para o medio ambiente, tales coma sulfatos, pesticidas... Ademais dun sabor moito máis intenso. O único inconveniente é o prezo.



Paula Grandal, Arantxa Rivero, David Blanco, Lorena Diaz, Gema Golpe 4º ESO

A LEI de HOOKE.

explica o comportamento dos corpos elásticos



Robert Hooke (1635-1703) estableceu a lei fundamental que relaciona a forza aplicada e a deformación producida. Para deformacións que non sexan moi grandes, é dicir, que non superen o límite elástico, cúmprese que: $F = k \cdot X$


Onde: a) x = incremento de lonxitude
 b) k = constante elástica
 F será unha forza que pode ser o peso dun obxecto.

Colgaremos diferentes pesos e mediremos os incrementos de lonxitude que se producen.


F (gr)	Lo(cm)	L(cm)	$x = L - L_0$	$k = F/x$
10	9	15,5	6,5	1,54
20	9	22,0	13,0	1,54
30	9	29,0	20,0	1,50
40	9	34,0	25,0	1,60
50	9	41,5	32,5	1,54

Faremos una táboa tal como esta:

Con eses datos faremos unha gráfica: $F - x$
 Para rematar calcularemos a media das k .
 Esa será a constante elástica.



Medias das $k = 1.53$



A forza electromagnética básica a nivel molecular ponse de manifesto no momento de establecerse contacto entre dous corpos. Aparecen forzas moleculares que as moléculas dun corpo fan sobre as moléculas do outro e viceversa. Chamamos normalmente forzas de contacto a esas forzas. A vida diaria está chea delas: cordas, muelles, estruturas....

Cando a un corpo (por exemplo, unha corda) se lle aplica unha forza, normalmente reacciona contra esa forza deformadora, dado que tende a ter unha forma estable debido á súa estrutura molecular. Estas forzas de reacción solen chamarse elásticas e podemos clasificar os corpos segundo o seu comportamento fronte á deformación. Moitos corpos poden recuperar a súa forma ó desaparecer a acción deformadora: corpos elásticos. Outros corpos non poden recuperar a súa forma despois dunha deformación, e chamámoslos inelásticos ou plásticos.

Evidentemente, un material elástico o é ata certo punto: máis alá dun certo valor de forza deformadora, a estrutura interna do material queda tan deformada que é imposible recuperarse.

Día das Letras

17 de maio

GALEGAS



O 2006 é un ano especialmente relevante para a Real Academia Galega. A institución que vela pola cultura galega cumpre 100 anos. O día das Letras Galegas do 2006 dedicárase a Manuel Lugrís, un escritor que foi, ademais de presidente, un dos membros fundadores da Real Academia Galega (R.A.G).

Os membros da R.A.G. salientaron que a biografía e a obra de Lugrís amosan, “unha vida de total entrega á dignificación e á normalización da lingua galega, sempre unida á defensa de Galicia, para o que participou na creación de moi diversas entidades políticas e culturais”.

MANUEL LUGRÍS FREIRE



Manuel Lugrís Freire nace en 1863 na vila coruñesa de Sada. Nesta vila realiza os primeiros estudos. En 1883 emigra a Cuba chamado polo seu irmán Plácido. Neste mesmo ano comezan as súas colaboracións coa prensa americana. O ano seguinte é nomeado vogal do Centro Galego da Habana. A través do xornal *El Eco de Galicia* temos noticia da que sería a súa primeira peza teatral: *A costureira d'aldea*.

No 1885 é nomeado socio de honra do Liceo Artístico e Literario da Regla e do Casino Español de Guanabacoa. Funda, xunto con Armada Teijero, *A Gaita Gallega*, xornal de periodicidade mensual redactado integramente en galego. En 1896 deixa Cuba e regresa a Galicia acompañado da súa muller, a cubana Concepción Orta. No ano seguinte, nace a súa filla Socorro e o 30 de abril de 1899 falece a súa muller. No ano 1901 publica na Librería Rexional de Uxío Carré, *Noitebras Poesías*, libros de versos dedicado á súa primeira muller.



En 1903, casada xa en segundos nupcias con Pura González Varela, nace o seu fillo Manuel. Publica *Minia*, drama nun acto en prosa representado no teatro Jofre de Ferrol o 19 de marzo de 1904. O ano seguinte (1905) nacen os fillos Secundino e María do Pilar. É membro fundador da Real Academia Galega.



En 1906, publica *Esclavitud* (non se estrearía ata 1910) que lle dedica a Andrés Martínez Salazar. En 1908 nace o seu fillo Urbano (que será un afamado pintor) e participa na homenaxe póstuma a Curros Enríquez.

En 1909 publica na Litografía e imprenta Roel, *Contos de Ansienmedre*.

O 21 de abril de 1917 publica a comedia *O Pazo*, que se estreou en Vigo. Tamén participa nas honras fúnebres de Eduardo Pondal. En 1922 publica a *Gramática do Idioma Galego* nunha imprenta da Coruña. E, no 1931 publica a segunda edición da *Gramática do Idioma Galego*, editada pola imprenta Moret da Coruña.



O ano seguinte forma parte da comisión encargada de redactar o anteproxecto de Estatuto de Autonomía.

En 1935 renuncia a presidencia da Real Academia Galega por motivos de saúde e o día 15 de febreiro de 1940 morre na súa casa da Coruña.

J. Manuel López e J. Carlos Vázquez, 4º ESO



C.P.I. "O FEAL"
INFANTIL 4 ANOS
FREIXEIRO



C.P.I. "O FEAL"
INFANTIL 3 ANOS
FREIXEIRO

